

## ACTUALIDADE ECOBAS



Prezada comunidade:

Comprácenos para pechar esta primeira metade do ano anunciar a apertura dun novo **proceso de chamada á ADSCRICIÓN de persoal investigador para a vinculación a ECOBAS**. A información completa desta convocatoria está publicada na web do noso Centro e animámosvos a difundila nas tres Universidades do SUG para axudarnos a garantir que todas as persoas interesadas poidan dispoñer dela e concurrir a este proceso.

- PRAZO: aberto **dende o 2 de agosto ata o 20 de setembro de 2024 ás 23.59 h**
- [BASES e Anexos accesibles en www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)
- Imprescindible a presentación das [expresións de interese a través do formulario online habilitado](#)



Ofrecémosvos a continuación un breve adianto doutras citas importantes que temos xa en axenda. Volveremos cun novo número da nosa newsletter en setembro e ata entón, desexámosvos que goceades dun merecido descanso este verán. Saúdos!!

# ACTUALIDADE ECOBAS



2024



## AXUDAS ECOBAS PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE I+D+I RESOLUCIÓN PARCIAL

Conforme ás solicitudes recibidas no primeiro prazo establecido nas bases da presenta convocatoria, reunida ás 16:30 h do 31/07/2024, a Comisión Avaliadora decide resolver a concesión das seguintes axudas:

SOLICITANTE	TIPO DE ACTIVIDADE	TÍTULO / DESCRICIÓN
Labandeira Villot, Xavier	Congreso	10th Atlantic Workshop
López Penabad, María Celia	Workshop	Comunidades enerxéticas
López Valeiras, Ernesto	Workshop	Día da Educación Financeira. Mesa Redonda

O segundo prazo para a presentación de novas solicitudes permanecerá aberto ata o 30 de setembro de 2024 ás 23:59 h, tal como recollen as bases da presente convocatoria.


## »» XORNADA DE PORTAS ABERTAS | "O CAMINO A NEUTRALIDADE CLIMÁTICA: REFLEXIÓNS DESDE GALICIA E EUROPA"

MARTES  
10/09

O Pacto Verde Europeo é a folia de ruta da Unión Europea para buscar a neutralidade climática para 2050. Entre as medidas activadas existe un amplo paquete legislativo que contén varias leis revisadas interconectadas e novas propostas de lei sobre o clima e a enerxía.

Co fin de compartir a visión dos axentes públicos e privados en torno a este ambicioso escenario, ECOBAS organiza a presente Xornada, na que o investigador posdoutoral **Pol Fontanet** dará conta dos resultados do proxecto 4iTraction, o que nos permitirá valorizar as aportacións da investigación en Ciencias Sociais á normativa vinculante que xa está en marcha.

- **SAVE THE DATE:** reserva a túa axenda, **10 de setembro de 10 a 13 h.**
- Actividade **presencial.** Sede do Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- IMPRESCINDIBLE inscrición previa.
- PRAZO para inscrición (habilitaremos formulario online): do 1 ao 5 de setembro de 2024.



ORGANIZA:  COLABORA: 



Universidade de Vigo



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



## ACTUALIDADE ECOBAS



### >>> XORNADA SOBRE ENVASES ALIMENTARIOS SOSTIBLES



XOVES  
12/09

O Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) organiza este encontro en Santiago de Compostela para situar ás empresas no novo marco legislativo en materia de envases de produtos alimentarios e as obrigas que implica, aspectos dos que se encargará o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas**.



As empresas participantes coñecerán tamén as ferramentas de ecodeseño que poden apoiar a redución do impacto ambiental dos envases; e os diferentes Sistemas Colectivos de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SCRAPs).

### >>> 1º REUNIÓN DA REDE ESPAÑOLA DE TEORÍA MICROECONÓMICA



VENRES  
13/09

O investigador de ECOBAS **Gustavo Bergantiños**, coa colaboración de membros do CITMAGA e a Universidade de Málaga, está a organizar a reunión da Rede Española de Teoría Microeconómica. Esta primeira xuntanza será no Hotel Cidade de Vigo e xa se pode consultar o programa provisorio na web oficial do evento.



### >>> XORNADA "CONTRATACIÓN PÚBLICA ESTRATÉXICA DE XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS: RECOMENDACIÓNS E BOAS PRÁCTICAS"



23 e 24  
SETEMBRO

En colaboración coa UDC e FEGAMP, o investigador de ECOBAS **J.J. Pernas** organiza a II Xornada Economía Circular Local (ECIL) co obxectivo de analizar a realidade da contratación pública da xestión dos residuos municipais, concretamente os contratos de recollida e transporte de residuos e os de tratamento.

- Actividade presencial. Salón de Actos do Cersia.
- R/do Alcalde Raimundo López Pol. Santiago de Compostela (Ver ubicación)
- Destinatarios: responsables políticos, técnicos municipais e profesionais vinculados á xestión de residuos municipais; estudantes de grao e público xeral.



[Ligazón ao formulario de inscrición](#)

### >>> G-NIGHT 2024, A NOITE DAS PERSOAS INVESTIGADORAS



VENRES  
27/09

Volve a noite europea das persoas investigadoras e de novo a G-Night contará con persoal de ECOBAS protagonizando actividades divulgativas das Ciencias Sociais nalgunhas das principais cidades galegas o derradeiro venres de setembro.



Na mesma data despregaremos tamén un espazo ECOBAS na expo-feira científica no Edificio Redeiras da Universidade Vigo, nesta ocasión para contribuír á concienciación en asuntos coma a contaminación ambiental, empregando para elo a Teoría de Xogos. Non volo perdades!

Toda a información, á volta das vacacións ;))

## ACTUALIDADE ECOBAS



### >>> ANÁLISE DA EVOLUCIÓN DO SENTIMIENTO CARA AO CAMBIO CLIMÁTICO EN ESPAÑA


O prestixioso centro de análise FUNCAS -think tank adicado á investigación económica e social e a súa divulgación- vén de publicar este estudo que asinan as investigadoras de ECOBAS **María L. Loureiro** e **María Alló**. A investigación realizada pon de manifesto a importancia de analizar a información das redes sociais para entender a percepción social en tempo real (nowcasting) sobre o cambio climático, empregando técnicas de procesamiento de linguaxe natural

### >>> COMEZA O PROXECTO EC-IUS, AULA XURÍDICA DE ECONOMÍA CIRCULAR

O investigador principal de ECOBAS **JJ Pernas** vén de anunciar esta semana o inicio do proxecto EC-IUS, Aula Xurídica de Economía Circular, encadrado no ECIL que el mesmo lidera. A iniciativa nace do Grupo de Investigación Derecho Público Global e conta co apoio da Fundación Universidade da Coruña. EC-IUS desenvolverá obradoiros especializados de actualización normativa, deseñados para ofrecer unha formación profesionalizadora en materia de prevención e xestión de residuos e da economía circular e, especialmente, con relación ás novidades regulatorias que se están producindo neste ámbito. Xa se atopa dispoñible a programación de obradoiros para o derradeiro cuadrimestre de 2024 e principios de 2025.

[Ligazón á información completa aquí.](#)

### >>> NOVO MESTRADO | XESTIÓN E LIDERADO DE ORGANIZACIÓNS SANITARIAS

O vindeiro curso 2024/2025 arrancará a nova titulación “Máster en Xestión e Liderazgo de Organizacións Sanitarias da Universidade de Vigo”, un programa avanzado dirixido polo investigador de ECOBAS **Ernesto López Valeiras**. 

O cadro de profesorado conta con varios IPs vinculados a ECOBAS. Por parte da UVIGO, Eva Rodríguez Míguez, Beatriz González Sanchez, Diego García Sánchez e Ernesto López-Valeiras e por parte da USC, Manuel Antelo Suárez e Juan Carlos Reboredo.

Fundamentos da xestión sanitaria, estratexias de planificación e control de xestión e a aplicación de novas tecnoloxías e e-health no ámbito sanitario son os eixes do mestrado, conformado por tres módulos docentes que outorgarán ao alumnado candanseu título de experto, máis un cuarto módulo no que se inclúe o TFM.

- Título de experto en Fundamentos da Xestión Sanitaria
- Título de experto en Planificación e control de xestión nas organizacións sanitarias
- Título de experto en E-health e novas tecnoloxías na xestión sanitaria

A inscrición está aberta **ata o 06/09/2024** | [Información completa dispoñible na web do Mestrado](#)

# MÁIS COMUNIDADE



## >>> II PREMIO “GALICIA RENOVABLE” DA CÁTEDRA GREENALIA-UDC PARA TFG E TFM SOBRE TRANSICIÓN ENERXÉTICA



Poderá participar o alumnado dunha titulación de grao ou mestrado en calquera das universidades galegas do SUG que presenten o seu TFG ou TFM entre o 27 de setembro de 2023 e o 20 setembro de 2024.

O prazo de recepción de solicitudes foi ampliado ata o 20 de setembro de 2024.

O xurado avaliará as solicitudes no mes de setembro de 2024.

Os premios se establecen en dúas categorías:

- Categoría TFM: Premio ao mellor TFM de 1.200 euros.
- Categoría TFG:
  - 1º Premio: 1.000 euros + Matrícula dun curso académico nun Mestrado que oferte a UDC no curso 2024/2025.
  - 2º Premio: 750 euros + Matrícula dun curso académico nun Mestrado que oferte a UDC no curso 2024/2025.

## >>> MEDALLAS DE INVESTIGACIÓN DA RAGC

As “Medallas de investigación da Real Academia Galega de Ciencias” recoñecen a traxectoria de científicos e científicas en activo, con actividade consolidada, desenvolvida maioritariamente en Galicia:

- Outorgaranse 5 medallas, unha por cada sección da RAGC
- “Medalla Domingo García-Sabell Rivas” no ámbito das CC. Económicas e Sociais
- Prazo de presentación de candidaturas **ata o 13/09/24**



[Ligazón ás bases da convocatoria](#)

## ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS <<<

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

